

## **RESUMO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2015.**

### **1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

Dase conta e apróbanse as solicitudes de abastecemento e saneamento ante Espina y Delfín do mes de xaneiro de 2015

#### **1.2.- Cambio de titularidade de Licenza Municipal de Auto-turismo Clase B. Licenza nº 04.**

Visto o escrito presentado por Don D.P.G. titular da licenza municipal de auto-turismo clase B) nº 04, polo que solicita a transmisión da licenza a Don R.F.C.

Visto a lexislación aplicable

Visto que, polo Servizo de Mobilidade de Pontevedra - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras remítese escrito con rexistro de entrada nº 396, de data 28 de xaneiro de 2015, achegando informe favorable sobre a transmisión da autorización da licenza de taxi

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada, segundo as condicións estipuladas no escrito do Servizo de Mobilidade de Pontevedra e documentación requerida

#### **2º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

**2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Dª M.C. R.P.**

Dase conta do informe social de data 26 de xaneiro de 2015, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por Dª M.C.R.P. e aprobase a citada alta.

**2.2.- Expediente de solicitude de comunicación de baixa no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, de D<sup>a</sup> J.R.R.**

Dase conta da comunicación da Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 09 de febreiro de 2015, de baixa no SAF no programa de dependencia de D<sup>a</sup> J.R.R. por falcemento.

**2.3.- Expediente de solicitude de comunicación de baixa no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, de L.M.L.**

Dase conta da comunicación da Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 28 de xaneiro de 2015, de baixa no SAF no programa de dependencia de Don L.M.L por falecemento

**3º.- URBANISMO.**

**3.1.- Centro de Formación, na rúa Santa Olaia, nº 5-7 (Silleda), solicitado por E.L.A. .**

Vista a solicitude presentada por E.L.A., en data 20 de novembro de 2014, para un Centro de Formación, a situar na rúa Santa Olaia, nº 5-7 (Silleda),

Visto o informe técnico emitido o 29 de xaneiro de 2015

A **Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda** quedar enterada desta comunicación previa notificándollo ó interesado que é **exclusivamente para o uso "Centro de Formación"**.

**3.2.- Licencia de Actividade: C.C. M.**

Visto o expediente instruído a instancia de C.C. M. solicitando Licencia para un local para dedicalo á venda polo miúdo de produtos alimentarios, ubicado na rúa Ramón de Valenzuela, nº 28 baixo, Bandeira (Silleda).

Visto o acordo da XGL do 6 de abril de 2011

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 30 de xaneiro de 2015, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal,

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 30 de xaneiro de 2015 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 06 de abril de 2011 acorda a concesión de licenzas de actividade definitiva a C.C.M.

### **3.3.-Cambio de titularidade da actividade de Tanatorio sito no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda) a favor de Albia Gestión de Servicios S.L.**

Visto o escrito presentado por D<sup>o</sup> R.F.A., en representación de ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS, S.L., de data 05 de xaneiro de 2015, solicitando cambio de titularidade a favor de ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS, S.L. do establecemento dedicado a Tanatorio, ubicado no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda), ó cal adxunta documentación sobre o inmovible

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 22 de xuño de 1.999, no que se recolle a licenza de apertura a esta instalación

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Tanatorio .

### **3.4.-Cambio de titularidade da actividade para instalación de dous surtidores de combustible (gasóleo A e gasóleo B), así como a instalación asociada ós mesmos, a situar no marxe esquerdo da estrada Silleda-Siador, no lugar chamado As Ferreiras, parroquia de Silleda**

Visto o escrito presentado por D<sup>o</sup> P.G. F. en nome e representación de Indega S.Coop.G, e D<sup>o</sup> J.B.H. en nome e representación de ICOS S.Coop.G., de data 12 de decembro de 2014, solicitando cambio de titularidade a favor de ICOS S.COOP.G. da Licenza de actividade para instalación de dous surtidores de combustible (gasóleo A e gasóleo B), así como a instalación asociada ós mesmos, a situar no marxe esquerdo da estrada Silleda-Siador, no lugar chamado As Ferreiras, parroquia de Silleda.

Visto o acordo da XGL de data 18 de agosto de 2010 polo que se outorgou dita licenza

A Xunta de Goberno Local acorda darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de actividade para instalación de dous surtidores de combustible (gasóleo A e gasóleo B), así como a instalación asociada ós mesmos, a situar no marxe esquerdo da estrada Silleda-Siador, no lugar chamado As Ferreiras, parroquia de Silleda, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2010, pasando a ser o novo titular da licenza de apertura ICOS S.COOP.G.

### **3.5.- Solicitude de prórroga para Rehabilitación de vivenda unifamiliar na parroquia de Oleiros, nº 22 (Silleda).**

Dase conta do escrito presentado por Terrauga Proyectos y Obras, S.L., de data 27 de outubro de 2014, solicitando unha prórroga de 3 anos para a finalización de obra de Rehabilitación de vivenda unifamiliar na parroquia de Oleiros, nº 22 (Silleda), licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de novembro de 2011.

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda** denegar ó solicitado en tanto as prórrogas concédense ata un máximo de tres anos, prazo xa vencido neste caso, dacordo co punto g) da licenza.

### **4º.- CONVOCATORIA DE BECAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO A ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS PARA O 1º SEMESTRE DO ANO 2015.**

Dase conta da proposta da Concelleira de Educación, Sanidade, Emprego, Participación Cidadá e Persoal, D<sup>a</sup> Pilar Peón Iglesias, de data 23 de febreiro de 2015, sobre becas para o transporte universitario a estudantes de ciclos formativos para o 1º semestre do ano 2015

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta anteriormente transcrita, acorda prestar aprobación a mesma.

### **5º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015.**

Dáse traslado da Proposta da Alcaldía, de data 24 de febreiro de 2015 pola que se propón á XGL proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección de vinte catro traballadores desempregados para realización do servizo denominado **Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais. Silleda 2015**, con cargo ao Concello de Silleda e ao referido Plan da Deputación segundo as bases que se formulan para a selección de vinte catro traballadores/as en situación de desemprego.

A xunta de Goberno Local aproba a proposta da Alcaldía e as Bases Reguladoras

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce catorce horas.